FERVENZAS DO DEVA

Adela Leiro, Mon Daporta



Unha ruta para coñecer varias fervenzas na cunca do río Deva, un afluente do Miño que nace no Outeiro de Augas, na serra do Leboreiro.

1- Río Deva en Fondóns

Distancia: 1.200 m (ida e volta)
Dificultade: media
Duración: 45 minutos
Na parroquia de Leirado (Quintela de Leirado). Ten unha caída de 7 ou 8 m, entre grandes penedos graníticos.
COMO CHEGAR: na estrada de Quintela de Leirado a Mociños, un quilómetro despois de cruzar o río hai cruce de camiños. Déixase o coche na entrada do da dereita e cóllese o da esquerda; despois duns cen metros cóllese outro camiño á esquerda que cruza un regato e séguese por un carreiro ata chegar ao río Deva. Logo remóntase o río uns 100 m ata as fervenzas.



Rego das Enfornadas

Na parroquia de A Torre do concello de Padrenda.
O rego das Enfornadas é un pequeno afluente do Deva que se bota nel desde unha gran altura por unha estreita fenda na rocha metamórfica formando un salto moi dificil de ver entre a vexetación.
COMO CHEGAR: desde Quintela de Leirado collemos a estrada a Padrenda e un pouco antes de chegar ao Couto (Gomesende) cóllese á esquersa unha pista sinalada que leva en 2,9 km á central do Deva. Remontando o río 50 m vese en fronte, na outra beira do Deva, a caída do rego das Enfornadas. O Deva nesta zona ten tamén pequenas fervenzas difíciles de ver.

Salto do Rabo de Gato:

vese desde a subida de Xacebáns a Pena Gache.



Rego das Enfornadas



Salto do Rabo de Gato

2-Río Gorgua (Freáns)

Distancia: 3 km (ida e volta)
Dificultade: media
Duración: 2 horas

Na parroquia de Crespos (concello de Padrenda).
O Gorgua, chamado máis abaixo río de Crespos, é o afluente máis importante do Deva. Entre Esmoriz e Freáns ten un percorrido cun gran desnivel nun canón onde forma sucesivos saltos.
COMO CHEGAR: na ponte de Freáns (Padrenda) comeza unha ruta acondicionada con fortes pendentes que segue río arriba e pasa ao pé das fervenzas máis importantes. Tamén se pode acceder desde Esmoriz polo camiño que vai á ponte medieval.